

#### IV. TRABALLOS ELABORADOS

##### **Preparación da viaxe:**

O **contacto cos profesores** mantívose principalmente a través do correo electrónico. Fomos concretando as datas e coordinando a viaxe do avión co equipo de traballo polaco para coincidir na chegada á capital.

Despois de estimar o orzamento da viaxe e as datas, reservouse o billete co seguinte plan de voo:

##### **HORARIO DA VIAXE**

<b>Datas</b>	<b>Lugar e hora de saída</b>	<b>Lugar e hora de chegada</b>	<b>Compañía</b>
Luns 19 outubro 09	A Coruña-Alvedro 7:05	Madrid-Barajas 8:20	Iberia
	Madrid 10:30	Varsovia 13:55	Iberia
Dom. 25 outubro 09	Varsovia 14:40	Madrid 18:15	Iberia
	Madrid 21:15	A Coruña 22:30	Iberia

Como acto de cortesía preparáronse algúns **agasallos** para o centro educativo polaco: un prato de cerámica e catro botellas de Alvariño e Ribeiro así coma dous libros con información turística e cultural de Ortigueira e outro prato de cerámica facilitados polo Concello.

##### **Presentación de Ortigueira:** (ver anexos)

##### **Actuacións e bailes:**

Recollémolos no CD incluído nos anexos. Antes da viaxe, en varias reunións no IES de Ortigueira, preparamos a escenificación dunha Muiñeira con catro puntos, que logo bailamos seguindo a gaita e as pandeiretas que levamos a Lodz. A continuación bailamos un pasodobre no que sacamos aos profesores e alumnos polacos, aos que lles gustou tanto que pediron outra e bailamos unha Mazurca con eles.

##### **Diario da viaxe:**

Antes da viaxe preparamos un diario para que os alumnos describisen as diferentes visitas que facían, reflectisen as súas experiencias e os seus coñecementos sobre distintos aspectos sociais, culturais e prácticos relacionados coa visita a Lodz. Todos os alumnos tiñan a obriga de realizalo durante a estancia en inglés (ver CD presentado como anexo).

### Luns 19-outubro-2009

Saída de Ortigueira ás 3:00h en autobús para desprazarnos ao aeroporto da Coruña-Alvedro e coller o avión a Madrid ás 7:05 h.; cambio de avión en Madrid saíndo ás 10:30h., para chegar ao aeroporto internacional de Varsovia ás 13:55h.

Tras a chegada e encontro coa profesora Malgorzata comemos no Ikea da Varsovia. Logo fixemos unha longa viaxe de 2 horas e media en microbús ata Lodz. Alá, despois do recibimento das familias, cada alumno foi coa súa familia de “acollida”. Previamente fixemos un ensaio xeral da actuación do día seguinte no pavillón do Liceum Ogólnoskztałca (L.O. VI)

### Martes 20-outubro-2009

Os profesores e alumnos acudimos ao Liceum no transporte público cada un dende o lugar onde estaba aloxado e acompañados polos alumnos polacos. Ás 9:30h tivemos un discurso de benvida da Directora e unha pequena degustación de doces típicos (“Paczek” que son uns bolos recheos de marmelada,nata...). Despois fixemos a Presentación de Ortigueira co Power-point e logo a Actuación co baile dunha Muiñeira acompañados pola gaita de Ana e dun Pasodobre e unha Mazurca que bailamos con todos os polacos, que nos pediron que bailasemos outra. Tras un novo “refrixerio” asistimos e participamos nunha clase de teatro. Novamente comemos algo antes de ir á Sala de profesores onde entregamos os regalos.



*Sala de profesores*



*Presentación dos alumnos galegos sobre Ortigueira*

Sobre as 13h comemos no comedor dun centro social próximo ao Liceo e logo visitamos o Museo da cinematografía e vimos dúas curtametraxes.

Os profesores fomos convidados a cear á casa dun dos profesores, Jarek, de EF, que cunha grande hospitalidade ofreceunos varios pratos típicos polacos. Os alumnos foron a reunirse coas familias de acollida.